

# **GUÍA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA 6º DE PRIMARIA**



**Departamento de Orientación  
CEIP Plurilingüe Cruceiro  
Curso 2019 - 2020**

## ÍNDICE

1. Que é a Educación Secundaria Obrigatoria?.....	2
2. Que materias se cursan na ESO?.....	4
3. Que materias de libre configuración se cursan en 1º e 2º ESO no IES Vilalonga?.....	10
4. Entón... Cales son as novas materias da ESO?.....	13
5. Como é o IES Vilalonga?.....	13
6. Que competencias mellorarei na ESO?.....	15
7. A quen podo acudir se necesito axuda?.....	17
A) O titor ou titora.....	17
B) Equipo Directivo.....	18
C) Departamento de Orientación.....	18
D) Profesorado.....	18
8. Como é a avaliación, recuperación, promoción e titulación na ESO?.....	18
9. Cales son as medidas de atención á diversidade na ESO?.....	20
10.Recomendacións para ter éxito na ESO.....	21
ANEXOS.....	24
Comproba o que sabes.....	26
Sinala diferenzas entre Primaria e Secundaria.....	26
Xoga a ruleta.....	26

## 1. Que é a Educación Secundaria Obrigatoria?

A Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) é unha etapa educativa de carácter obrigatorio, que dá continuación á Educación Primaria. É dicir, xunto coa Educación Primaria forman as Ensinanzas Básicas. Abarca as idades desde os 12 ata os 16 anos (aínda que se pode permanecer na etapa ata os 19 anos).

Organízase en catro cursos, que están a súa vez estruturados en dous ciclos:


- O primeiro ciclo consta de tres cursos que son 1º de ESO (cúrsase con 12 ou con 13 anos), 2º de ESO (cúrsase con 13 ou con 14 anos) e 3º de ESO (cúrsase con 14 ou con 15 anos).
- O segundo ciclo consta dun só curso que é 4º de ESO (cúrsase con 15 ou con 16 anos). E rematada a etapa, obtense o título de Graduado en Educación Secundaria.

As finalidades desta etapa educativa son, entre outras, as seguintes:

1. Adquirir unha cultura básica.
2. Formarse como cidadáns e como cidadás a través do coñecemento dos nosos deberes e dos nosos dereitos.
3. Desenvolver hábitos de estudo e de traballo.
4. Prepararse para incorporarse a estudos posteriores ou ensinanzas postobrigatorias.

Que poden ser:

- a. Bacharelato. Son dous cursos organizados en tres modalidades: Ciencias, Ciencias Sociais e Humanidades ou Artes. O Bacharelato dá acceso aos estudos universitarios, despois de presentarse á Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (EBAU).
- b. Formación Profesional. Son ciclos de dous cursos, cada un organizado en 23 familias profesionais. Son estudos que forman rapidamente para exercer unha profesión. Poden ser de grao medio ou de grao superior. Os de grao medio necesitan ter aprobada Educación Secundaria Obrigatoria e os de grao superior requiren ter aprobado Bacharelato.
- c. Ensinos de artes plásticas e deseño. Son estudos específicos para formarse nesas especialidades artísticas.
- d. Ensinos de danza, de música e de arte dramática. Son ensinamentos específicos para dedicarse a profesións artísticas.
- e. Ensinos deportivos. Son ensinamentos dirixidos a formar adestradores ou adestradoras en diferentes especialidades deportivas.



## 2. Que materias se cursan na ESO?

En cada curso de Educación Secundaria Obligatoria hai un conxunto de materias chamadas materias troncais obrigatorias, materias específicas e materias de libre configuración. Dentro das materias de libre configuración hai unha materia de libre configuración autonómica obligatoria (Lingua Galega e Literatura). Cada materia será impartida polo docente de cada especialidade.

En 1º de ESO os alumnos e as alumnas teñen que cursar 11 materias.

En 2º de ESO os alumnos e as alumnas teñen que cursar 12 materias.

En 3º de ESO os alumnos e as alumnas teñen que cursar 13 materias.

En 4º de ESO os alumnos e as alumnas teñen que cursar 11 materias.

Aspectos a ter en conta:

- En todos os cursos de ESO o alumnado terá unha hora semanal de tutoría.
- En 1º e 2º de ESO ademais das materias troncais obrigatorias, das materias específicas e da materia de libre configuración autonómica obligatoria (Lingua Galega e Literatura), os alumnos e as alumnas deberán escoller unha materia de libre configuración. No caso do IES Vilalonga, en 1º de ESO deberán escoller entre: afondamento de francés, paisaxe e sustentabilidade, promoción de estilos saudables ou oratoria. En 2º de ESO no IES Vilalonga seleccionarán entre: afondamento de francés, reforzo en lingua galega, educación financeira e igualdade de xénero. Nas páxinas seguintes poderás ler en que consisten as materias de libre configuración autonómicas recollidas no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.
- En cada curso da ESO o alumnado deberá escoller entre Relixión ou Valores Éticos e poderá cambiar esta opción cada ano, se así o desexa.

## MATERIAS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Materias troncais obrigatorias:

- Matemáticas (5 horas á semana).
- Lingua Castelá e Literatura (4 horas á semana).
- Bioloxía e Xeoloxía (4 horas á semana).
- Xeografía e Historia (3 horas á semana).
- Primeira Lingua Estranxeira (3 horas á semana).

Materias específicas:

- Educación Física (2 horas á semana).
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2 horas á semana).
- Segunda Lingua Estranxeira (2 horas á semana).
- Relixión ou Valores Éticos (1 hora á semana).

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria:

- Lingua Galega e Literatura (4 horas á semana).

Ademais das materias indicadas os alumnos e alumnas terán:

- Unha materia de libre configuración (1 hora semanal). No IES Vilalonga entre: afondamento de francés, paisaxe e sustentabilidade, promoción de estilos saudables ou oratoria.
- Tutoría (1 hora á semana).

Nota 1: Pódense consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave na páxina web [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_1\\_eso.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_1_eso.pdf)

Nota 2: Pódense consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave das materias de libre configuración autonómica, seleccionando as materias de interese, na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/lca>

## MATERIAS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Materias troncais obrigatorias:

- Matemáticas (5 horas á semana).
- Lingua Castelá e Literatura (3 horas á semana).
- Física e Química (3 horas á semana).
- Xeografía e Historia (3 horas á semana).
- Primeira Lingua Estranxeira (3 horas á semana).

Materias específicas:

- Tecnoloxía (3 horas á semana).
- Educación Física (2 horas á semana).
- Música (2 horas á semana).
- Segunda Lingua Estranxeira (2 horas á semana).
- Relixión ou Valores Éticos (1 hora á semana).

Materia de libre configuración autonómica obligatoria:

- Lingua Galega e Literatura (3 horas semanais).

Ademais das materias indicadas os alumnos e alumnas terán:

- Unha materia de libre configuración (1 hora semanal). No IES Vilalonga entre: afondamento de francés, reforzo en lingua galega, educación financeira e igualdade de xénero.
- Tutoría (1 hora á semana).

Nota 1: Pódense consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave na páxina web [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_2\\_eso.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_2_eso.pdf)

Nota 2: Pódense consultar o currículo das materias de libre configuración autonómica, seleccionando as materias de interese, na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/lca>

## MATERIAS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 3º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Materias troncais obrigatorias:

- Elixir: Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas (4 horas á semana).
- Lingua Castelá e Literatura (3 horas á semana).
- Primeira Lingua Estranxeira (3 horas á semana).
- Xeografía e Historia (3 horas á semana).
- Bioloxía e Xeoloxía (2 horas á semana).
- Física e Química (2 horas á semana).

Materias específicas:

- Educación Física (2 horas á semana).
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2 horas á semana).
- Música (2 horas á semana).
- Tecnoloxía (2 horas á semana).
- Elixir: Cultura Clásica ou Segunda Lingua Estranxeira (2 horas á semana).
- Relixión ou Valores Éticos (1 hora á semana).

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria:

- Lingua Galega e Literatura (3 horas semanais).

Ademais das materias indicadas os alumnos e alumnas terán:

- Unha hora de titoría semanal.

Aclaración: *Ensinanzas Académicas* está orientado ás persoas que desexen acceder a Bacharelato e *Ensinanzas Aplicadas* ás que desexen acceder a FP.

Nota: Pódense consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e as competencias clave na páxina web

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_3\\_eso.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_3_eso.pdf)



## MATERIAS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ENSINANZAS ACADÉMICAS)

Materias troncais obrigatorias:

- Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas (4 horas á semana).
- Lingua Castelá e Literatura (3 horas á semana).
- Xeografía e Historia (3 horas á semana).
- Primeira Lingua Estranxeira (3 horas á semana).
- Elixir unha opción: Bioloxía e Xeoloxía (3 horas /semana) + Física e Química (3 h. / semana) ou Economía (3 horas / semana) + Latín (3 h. / semana).

Materias específicas:

- Educación Física (2 horas á semana).
- Relixión ou Valores Éticos (1 hora á semana).
- Elixir dúas:
  - Tecnoloxía (3 horas á semana).
  - Cultura Científica (3 horas á semana).
  - Cultura Clásica (3 horas á semana).
  - Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3 horas á semana).
  - Filosofía (3 horas á semana).
  - Música (3 horas á semana).
  - Segunda Lingua Estranxeira (3 horas á semana).
  - Tecnoloxías da Información e Comunicación (3 horas semanais).
  - Unha materia do bloque de materias troncais obrigatorias non cursada.

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria:

- Lingua Galega e Literatura (3 horas á semana).

Ademais das materias indicadas os alumnos e alumnas terán:

- Unha hora de titoría semanal.

Nota: Pódense consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e as competencias clave na página web

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_4\\_eso.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_4_eso.pdf)

## MATERIAS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ENSINANZAS APLICADAS)

Materias troncais obrigatorias:

- Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas (4 horas á semana).
- Lingua Castelá e Literatura (3 horas á semana).
- Xeografía e Historia (3 horas á semana).
- Primeira Lingua Estranxeira (3 horas á semana).
- Elixir dúas materias: Ciencias aplicadas á Actividade Profesional (3 horas /semana) ou Iniciación á Actividade Emprendedora Empresarial (3 horas / semana) ou Tecnoloxía (3 horas / semana).

Materias específicas:

- Educación Física (2 horas á semana).
- Relixión ou Valores Éticos (1 hora á semana).
- Elixir dúas:
  - Tecnoloxía (3 horas á semana).
  - Cultura Científica (3 horas á semana).
  - Cultura Clásica (3 horas á semana).
  - Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3 horas á semana).
  - Filosofía (3 horas á semana).
  - Música (3 horas á semana).
  - Segunda Lingua Estranxeira (3 horas á semana).
  - Tecnoloxías da Información e Comunicación (3 horas semanais).
  - Unha materia do bloque de materias troncais obrigatorias non cursada.

Materia de libre configuración autonómica obrigatoria:

- Lingua Galega e Literatura (3 horas á semana).

Ademais das materias indicadas o alumnado terá: unha hora de titoría semanal.


Nota: Pódense consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e as competencias clave na página web

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo\\_4\\_eso.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/curriculo_4_eso.pdf)

### 3. Que materias de libre configuración se cursan en 1º e 2º ESO no IES Vilalonga?

Para continuar o punto anterior explicaremos brevemente en que consiste cada unha das materias de libre configuración da ESO que oferta o IES Vilalonga en 1º ESO e 2º ESO.

De novo insistimos en que poden consultar os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave das materias, seleccionando as do seu interese na páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/lca>.



Podedes atopar máis información nos espazos do IES Vilalonga:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga>

<http://abeiradaspalabras.blogspot.com/>

## MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN EN 1º ESO

MATERIAS	OBXECTIVOS
Afondamento de francés	<p>Reforzar a competencia lingüística incidindo nunha metodoloxía lúdica, a través de xogos e dinámicas.</p> <p>Potenciar a expresión oral a través do uso de medios audiovisuais (videos, audios, conversas...)</p>
Paisaxe e sustentabilidade	<p>Coñecer e interpretar as características da paisaxe.</p> <p>Valorar a paisaxe como recurso ambiental, de calidade de vida e turístico.</p> <p>Comprender a paisaxe coma resultado dun proceso de evolución no tempo.</p> <p>Identificar a acción humana sobre a paisaxe e comprender a importancia do ser humano na sustentabilidade da paisaxe.</p> <p>Recoñecer a achega da paisaxe á cultura, a través de traballos do alumnado ao longo do curso.</p> <p>Contribuir a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade, a sentirse parte activa dunhas paisaxes herdadas e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura.</p>
Promoción de estilos de vida saudables	<p>Abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo. Os contidos son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• "Actividade física e saúde".</li> <li>• "Alimentación para a saúde".</li> </ul>
Oratoria	<p>Falar en público, elaborar o discurso, con estrutura clara e ordenada.</p> <p>Manexar axeitadamente a lingua e técnicas da retórica.</p> <p>Tratar a información, comprender a lectura e expresarse correctamente na escrita.</p> <p>Controlar factores emocionais e empregar medios audiovisuais no discurso oral.</p>

<b>MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN EN 2º ESO</b>	
<b>MATERIAS</b>	<b>CONTIDO</b>
Afondamento de francés	<p>Reforzar a competencia lingüística incidindo nunha metodoloxía lúdica, a través de xogos e dinámicas.</p> <p>Potenciar a expresión oral a través do uso de medios audiovisuais (videos, audios, conversas...)</p>
Reforzo en lingua galega	Reforzar a competencia lingüística na nosa lingua galega.
Educación financeira	<p>Familiarizarse coa organización e funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e cos servizos de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás necesidades, mantendo a seguridade financeira. Os contidos organízanse en bloques moi básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro e o investimento.</li> <li>• Planificación financeira persoal e familiar.</li> <li>• Xestión dos medios líquidos dispoñibles.</li> </ul>
Igualdade de xénero	<p>Concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que percibe, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.</p> <p>A materia estrutúrase en catro bloques diferenciados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A construción social das identidades sexuais e de xénero.</li> <li>• Relacións de xénero e de afectividade.</li> <li>• Discriminación á igualdade de oportunidades.</li> <li>• Cara a unha sociedade sen violencia machista.</li> </ul>

## 4. Entón... Cales son as novas materias da ESO?

Co xa vimos, co comezo desta nova etapa estudarás obrigatoriamente novas materias, tales como:

- Bioloxía e Xeoloxía.
- Educación Plástica e Visual.
- Segunda Lingua Estranxeira (francés).
- Unha materia optativa: afondamento do francés, paisaxe e sustentabilidade, promoción de estilos saudables ou oratoria (1º ESO).
- Terás unha hora de titoría.
- Ademais en 2º curso terás: música, tecnoloxía e física e química.

Así pois, na túa solicitude de matrícula de 1º ESO terás que facer algunhas eleccións. Así pois, no IES Vilalonga terás que escoller entre:

- o Solicita sección bilingüe: Si / Non.
- o 1ª Lingua Estranxeira: Inglés / Francés.
- o Escoller unha: Relixión / Valores éticos.
- o Elixir unha materia de libre configuración: *Afondamento en Francés, Paisaxe e Sustentabilidade, Promoción de Estilos de Vida Saudables ou Oratoria.*

## 5. Como é o IES VILALONGA?

O Instituto de Educación Secundaria Vilalonga é un centro no que se ofertan as seguintes ensinanzas: ESO, Bacharelato, FP e adultos.

O IES de Vilalonga conta coas seguintes instalacións:

- Edificio I: aulas da ESO, biblioteca, administración, conserxería, sala de profesores/as, laboratorios, aulas de informática e de idiomas e a cafetería.
- Edificio II: aula de música, tecnoloxía e as clases das ensinanzas postobligatorias (Bacharelato e FP).
- Obradoiros dos ciclos FP e ximnasios.
- Ademais no centro hai unha zona de recreo, un campo de fútbol, dous pavillóns de deportes e un salón de actos.

O horario do centro é:

- De luns a venres: de 08:30 – 14:10 horas.
- Martes tarde: de 16:15 -18 horas.
- Recreos: de 10.10 – 10:30 horas / 12:10 – 12:30 horas.

Polo que o horario do alumnado sería o seguinte:

## Exemplo de horario

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.30 a 9.20					
9.20 a 10.10					
10.10 a 10.30	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
10.30 a 11.20					
11.20 a 12.10					
12.10 a 12,30	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12.30 a 13.20					
13.20 a 14.10					
		16.15 a 17.05			
		17.05 a 18.00			

En síntese, terás un total de 32 sesións semanais de 50 minutos distribuídas en cinco mañás (seis sesión en cada mañá) e unha tarde (dúas sesións).

En todos os institutos públicos hai clase un día pola tarde. Nalgúns centros hai un recreo de media hora, pero noutros, como o IES Vilalonga, hai dous recreos de 20 minutos.

Por último, o IES Vilalonga tamén conta con ata 9 liñas de transporte para recoller ao alumnado na parada máis próxima á casa. E ofrece servizos e actividades como:

- Plan da biblioteca (club de lectura)
- Proxecto Lector.
- Titorización entre iguais.
- Sección Bilingüe (Biloxía)
- Actividades deportivas (mércores tarde)
- Dinamización dos delegados.

Porén, podedes atopar máis información nos seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga>

<http://abeiradaspalabras.blogspot.com/>

## 6. Que competencias mellorarei na ESO?

En Secundaria a través das materias seguirás desenvolvendo as seguintes competencias claves avaliadas a finais de cada un dos cursos.

### 1. Competencia en comunicación lingüística.



Supón o uso da linguaxe en distintas prácticas sociais, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores ou a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes.

### 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.



Require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e dos conceptos matemáticos.

### 3. Competencia dixital.



É aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e Comunicación para alcanzar obxectivos relacionados coa aprendizaxe, co traballo, o tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.



#### 4. Aprender a aprender.



Habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe a capacidade para motivarse por aprender, o que a súa vez implica que o estudante se sinta protagonista do proceso e resultado da súa aprendizaxe.

#### 5. Competencias sociais e cívicas.

Capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para interpretar fenómenos e problemas sociais; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras



persoas e grupos conforme normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democrática. En definitiva, preparar ás persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social, grazas ao coñecemento de conceptos e de estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

#### 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.



Implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Significa adquirir conciencia da situación para intervir, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, habilidades e actitudes, para acadar o obxectivo previsto.

#### 7. Consciencia e expresións culturais.



Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e do patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas.

## **7. A quen podo acudir se necesito axuda?**

### **A) O titor ou titora**

Cada grupo na ESO ten asignado un profesor titor/a que ten as seguintes funcións:

- Coordinar a avaliación e o proceso de aprendizaxe do alumno/a.
- Servir de canle de comunicación entre o alumnado e os demais membros da comunidade educativa.
- Orientar aos alumnado nas opcións académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses.
- Informar ás familias do desenvolvemento do alumno/a no centro.

O profesor titor/a, é un dos profesores que che imparten algunha das materias, e ten unha hora de reunión semanal co seu grupo de alumnos/as para realizar un seguimento da clase. Tamén dedicará esa hora semanal a realizar actividades titoriais relacionadas con valores, normas da clase, habilidades sociais, técnicas de estudo, orientación académica, etc..

Dependendo do curso, realízanse unha serie de programas e actividades propostas polo Departamento de Orientación, por exemplo:

- Técnicas de estudo para ser un estudante experto/a.
- Habilidades sociais para ser mellor persoa cada día.
- Convivencia para aprender a resolver e a previr conflitos, e mailo acoso escolar.
- Orientación vocacional para escoller estudos e profesións.

O teu titor/a será unha figura moi importante ao longo da ESO, e aínda que cambiará en cada curso, será a persoa que mellor te coñeza e a quen debes acudir cando precisas algún tipo de axuda ou información.

Ao chegar ao instituto, o teu titor ou titora axudarache a resolver todas as dúbidas que teñas, e será o teu guía para integrarte e adaptarte ao novo centro.

Ademais, o titor/a tamén ten asignada unha hora semanal para reunirse cos pais/nais ou titores/as legais do alumnado.

## **B) Equipo Directivo**

Está constituído polo Director, o Xefe de Estudos e o/a Secretario. Son a máxima autoridade do centro e os que mellor coñecen o funcionamento do instituto.

## **C) Departamento de Orientación**

Está constituído pola orientadora , profesorado de apoio e titores/as de algúns cursos da ESO. Entre as súas funcións están as de:

- Asesorar e coordinar actividades en relación á titoría.
- Orientar académica e profesionalmente ao alumnado.
- Apoiar o estudo e aprendizaxe do alumnado.

## **D) Profesorado**

Recorda que todo o profesorado ten funcións de titores/as polo que todo o profesorado pode axudarte.

## **8. Como é a avaliación, recuperación, promoción e titulación na ESO?**

Nas primeiras dúas semanas de clase, en todos os cursos de ESO, realizaranse actividades de **avaliación inicial** nas materias, co fin de coñecer os niveis de partida do alumnado. O obxectivo desta avaliación é adaptar as materias ás necesidades do alumnado. Non é preciso prepararse para esa avaliación, tan só participar con interese e ilusión por comezar un novo curso.

Durante o resto do curso, a **avaliación** consistirá en valorar se o alumnado acadou os obxectivos educativos nas diferentes materias de estudo. Esta valoración, que se reflicta nas notas, realízase trimestralmente polo profesorado do grupo, coordinados polo titor/a. Os resultados que se fan constar no Libro de Escolaridade son os de final de curso. Dita valoración exprésase igual que en primaria, mediante estas cualificacións numéricas:

**Sobresáinte: 9 ou 10**  
**Notable: 7 ou 8**  
**Ben: 6**  
**Suficiente: 5**  
**Insuficiente: 4, 3, 2, 1**

No caso de suspender algunha materia nun trimestre terás a oportunidade de **recuperación** no seguinte. Se no 3º trimestre suspendes algunha materia deberás presentarte aos exames de recuperación en setembro.

No caso de promocionar ao seguinte curso con algunha materia suspensa deberás intentar recuperala no curso seguinte mediante un exame ou traballo específico.

O alumno/a deberá ter aprobadas todas as materias para a **promoción** ao seguinte curso cunha nota mínima de 5. Só se poderá promocionar de curso cun máximo de dúas materias suspensas, sempre que non sexan unha das linguas (Lingua Galega ou Lingua Castelá) e Matemáticas simultaneamente.

As materias pendentes de cursos anteriores contan tamén para a promoción. Na ESO pódese repetir un total de dúas veces en toda a etapa.

Ao rematar cada un dos cursos de ESO cada alumno/a recibirá un Consello Orientador do equipo de profesores/as con recomendacións sobre o itinerario a seguir no curso seguinte e o informe do grao de consecución das competencias.

Unha vez rematada a ESO, os alumnos e alumnas que superen todas as materias, ou suspendan un máximo de dúas, que non sexan Lingua Castelá ou Lingua Galega e Matemáticas simultaneamente, recibirán o **título** de:

**GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA.**



Este título permite o acceso aos seguintes estudos:

- Bacharelato (2 cursos).
- Formación Profesional de Grao Medio (2 cursos).
- Ensinanzas Especiais: de artes plásticas e deseño e ensinanzas deportivas.

En síntese, debes recordar que:

- A **avaliación** na ESO é inicial, continua, formativa e por materias.
- A **recuperación** das materias pendentes doutros anos é obrigatoria, porque tamén contan para a promoción do curso.
- A **promoción** de curso alcánzase con todas as materias aprobadas. Ou excepcionalmente, con 2 materias suspensas sempre que non sexan Lingua Castelá e Matemáticas ou Lingua Galega e Matemáticas.
- A **repetición** en ESO só pode levarse a cabo unha vez cada curso e dúas veces como máximo na etapa.

## 9. Cales son as medidas de atención á diversidade na ESO?

Ao longo de cada curso de ESO o instituto organizará diferentes medidas de atención á diversidade para axudar ao alumnado no caso de que presenten dificultades de aprendizaxe. Tales axudas serán propostas polo profesorado e/ou o de Departamento de Orientación do centro.

Na nosa comunidade, o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinados establecidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* establece cales son estas medidas de atención á diversidade.

Así pois, as medidas de atención á diversidade ordinarias son as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e da xestión da aula ao alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Metodoloxías cooperativas, como o traballo por proxectos, a titorización entre iguais (TEI) e as titorías grupais.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aula de convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo (RE) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

Mentres que as medidas de atención á diversidade extraordinarias, que se empregarán unha vez esgotadas as primeiras ou resultando estas insuficientes, son:

- Adaptacións curriculares (AC).
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do especialista en Pedagogía Terapéutica (PT).
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento Escolar (PMAR).
- Formación Profesional Básica.
- Atención Educativa Hospitalaria ou Atención Educativa Domiciliaria.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

Ademais tamén se pode levar a cabo, a cabo a exención da segunda lingua estranxeira en 1º e 2º ESO, así como a integración de materias en ámbitos e a implantación de contratos programa de reforzo fóra do horario escolar coma o antigo PROA.

## **10. Recomendacións para ter éxito na ESO**

A ESO é unha etapa máis, e como todos os estudos ten a súa dificultade se non te organizas ben. Podes ter en conta estas recomendacións e consellos que che axudarán a ter éxito desde o comezo:

1º Utiliza a túa **axenda escolar** para planificar as tarefas do instituto. Mellor anotar todo (tarefas, datas, dúbidas, ...) nunha axenda que nunha simple libreta. A axenda deberá acompañarte sempre e debes ter a axenda dispoñible na mesa de clase e na mesa de estudo da túa casa.

2º **Implícate** nas tarefas escolares, **atende** na clase e **leva os apuntes ao día**. É a mellor maneira de aprender. Aproveita o tempo na clase, mantente atento/a ás explicacións do profesor/a, se activo/a, pregunta, pide axuda ao profesorado ou aos compañeiros/as. Cando estudes unha materia procura lembrar o que se explicou na clase.

3º **Pregunta todas as dúbidas**. É importante que desde o primeiro momento preguntes todas as dúbidas que teñas e que non as vaias acumulando. O instituto é o lugar onde mellor as podes solucionar.

4º **Organiza o tempo con hábitos diarios na casa**. Desde o primeiro día de clase elabora un horario de estudo, reserva tempo non só para facer os deberes, senón tamén para comer, asearte, durmir, repasar, adiantar traballos, ler libros. Ten en conta as outras actividades extraescolares que realizas para que o horario sexa flexible e realista. Este horario tamén debe ser flexible, debes revisalo todas as semanas e modifícalo se fai falta.

5º **Estuda un pouco cada día**. A dedicación e repaso diarios e tranquilos do traballado na clase é a mellor medida para ter éxito. Repasa o que se deu na clase ese día. Todas as semanas convén dedicarlle un par de sesións de estudo a cada materia. Unha sesión de estudo na casa poder durar 45 minutos, así que podes estudar unha ou dúas materia cada día. Recomendámosche como mínimo unha hora e medida cada día, durante cinco días á semana.

6º **Prepara os exames con antelación**. En secundaria non terás exames con moita frecuencia, xa que se celebran fundamentalmente en decembro, marzo e xuño. Os exames normalmente concéntranse en dúas semanas que coinciden antes das vacacións (Nadal, Semana Santa e verán), así que nesas dúas semanas podes ter máis dun exame nun mesmo día. Se o deixas para o final terás moita materia acumulada e non che dará tempo a estudala. Estuda a diario como se tiveras un exame de cada materia cada semana, así estarás sempre preparado/a e relaxado/a.

7º **Realiza un estudo activo**: Estudar pode resultar aburrido se te dedicas soamente a ler ou memorizar. Aplica diferentes técnicas para manterte activo/a e

concentrado/a. Un bo método é partir dunha lectura ou prelectura rápida, seguida dunha lectura lenta e comprensiva. A continuación, suliñar e facer un esquema, logo memorizalo e, finalmente, repasar. É dicir, lembra sempre estes pasos á hora de estudar:

**1º Prelectura ou lectura rápida.**

**2º Lectura lenta e comprensiva.**

**3º Suliñado.**

**4º Esquema.**

**5º Memorización do esquema.**

**6º Repaso**

8º **Valórate!** E moi importante ter unha **imaxe persoal positiva** e con expectativas de éxito. Recorda que o teu **esforzo persoal** é a mellor valía para acadar o que te propoñas. Polo que é bo que adestres a **superación persoal**, solucionando os contratempos con axuda (se a precisas).

9º Pide axuda a túa **familia**. Aquí vos deixamos unha guía de apoio para eles da orientadora educativa Montse Alonso Álvarez.



GUIA PARA FAMILIAS ESO.pdf

10º Pescuda! Busca **solucións e recursos** para facilitar as tarefas.

Aquí por exemplo tedes o resumo desta guía en modo presentación:

<https://www.emaze.com/@AOZQIQZQI/ep---eso>

Así como un tríptico informativo do IES Vilalonga:



TRIPITICO IES DE VILALONGA.pdf



## **ANEXOS**

### **COMPROBA O QUE SABES:**

**1. Cantos ciclos hai en ESO? E cantos cursos hai en cada ciclo?**

.....  
.....

**2. Ata que idade podes estar estudando na ESO?**

.....

**3. Que materia de libre configuración desexarías escoller en 1º de ESO?  
(consulta as que oferta o teu instituto). Por que?**

.....  
.....  
.....  
.....

**4. Cantas clases terás cada día no instituto? Cantas clases terás ao longo da semana?**

.....

**5. Nomea as tres competencias que se traballan na ESO nas que creas que acadarás máis éxito**

.....  
.....

**6. Que temas se tratan na titoría semanal?**

.....  
.....

**7. Para que se fai unha avaliación inicial na ESO?**

.....  
.....  
.....

**8. Cales son os requisitos para promocionar de curso?**

.....  
.....  
.....

**9. Cantas veces se pode repetir en total na ESO?**

.....

**10. Que podes estudar ao rematar a ESO?**

.....  
.....  
.....  
.....

## SINALA DIFERENZAS ENTRE PRIMARIA E SECUNDARIA:

	PRIMARIA	SECUNDARIA
Materias		
Horario de clases		
Número de clases semanais		
Recreos		
Titoría		
Promoción		
Recuperacións		
Repetición		
Titulación		
Horario de estudo na casa		
Outras diferenzas		

**XOGA A RULETA:** [https://www.classtools.net/random-name-picker/37\\_ifZ58e](https://www.classtools.net/random-name-picker/37_ifZ58e)